

# Chicles e biscoitos

**Jaureguizar**

**O**s galegos sempre sorrín. Nunca sabes se se burlan de ti, se lles caes simpático ou se todo o que intentan é seren amables. Ignorábo o día no que chegamos a Fisterra; por iso me desconcertou a señora da casa de turismo rural de Fisterra na que nos aloxamos os meus pais e mais eu no comezo do verán pasado. Sorría o tempo todo. En Madrid as persoas non sorrín, están demasiado ocupadas intentando estarricar o seu tempo. Na miña cidade natal aínda soñan con que o tempo é un chicle e que se pode tirar por un extremo para poder meter máis cousas a facer en su interior. Na Costa da Morte o tempo é coma un biscoito que se vai cocendo nun forno. Logo se pode cortar en anacos e deixar un para a xeira do día seguinte, ou para semanas despois, porque abonda.

A propietaria da casa de Camariñas na que paramos, a señora Agripina, cociñou un biscoito con améndoas e pasas para nosotros na mesma tarde de agosto na que chegamos. Mamá e papá reñéronlle suave e educadamente polo detalle, mais ela alegou que era un xeito de ocupar o tempo e que o seu home, un vellote chamado Nicolás, gustaba de mirar o forno mentres se cocía a masa. Carecía de algo máis divertido que facer naquela cociña da que case que nunca saía dende que se xubilara. Os meus pais, dominados polo concepto de tempo-chicle decidiron que debían usar axeitadamente cada segundo daquela semana. Calzaron unhas botas de montaña Dakota Lite que compraran na sección de deportes de El Corte Inglés de La Castellana un par de días antes e saíron pasear pola contorna. A paisaxe moi verde, con castiñeiros e carballos; como se José Luis Cuerda es-

quecera desmontar o decorado dunha película.

A tardiña ficara ben agradable, cun sol morno e unha brisa leve. Pedín unha bicicleta de montaña á señora Agripina. A muller acompañoume ata a corte e indicoume onde estaban as bicis para que eu collese unha cando quixese. Era amarela e aínda tiña pintas de lama que semellaban estar apegadas alí de fábrica. Marchei percorrer os arredores.

Aparteime da estrada pola que se abandonaba a casa para enfiar un carreiro, sempre en dirección ao mar. O recendo salgado entrábame polo nariz con intensidade. A súa luz azul tiraba de min como se un xogador de rugby me colleira pola camiseta de Loreak Mendian. Pedaleando, pedaleando, atopei unha construción rechamante: un valado de pedra dunhas dimensións que imitaban un campo de baloncesto rodeaba outro; o muro interior era da metade de extensión, mais do dobre de altura. Baixei da bicicleta e apoieina contra a entrada ao recinto menor. Entrei. Había varios sargetos. Flores muchas certificaban unha cerimonia municipal de lembranza. Os nomes dos mortos estaban en inglés. Non agardaba iso en Galicia. A canseira prendera en min e decidín deitarme un pedaciño sobre unha das lápidas. O solíño quentaba o preciso e estaba abeirado do nordés, así que logo me relaxei.

O tempo mudou de súpeto. Un lóstrego fendeu o ceo e presentou unha treboada furiosa. Un balón empezou a mollar a costa e a mollar o cemiterio e a mollarme a min. Mais non me daba movido. Era sorprendente. A auga estaba enchoupando o meu corpo e el non respondía para erguerse e liscar cara a casa de turismo rural. Morto non estaba, por-

que mantiña a conciencia, mais aquela parálise era o que máis imitaba o pasamento.

Cando acordei semelloume que ficara durmido nun charco. Estaba tan mollado que nin me preocupou o cheiro denso a suor apodrecido que me dera noxo dende a nosa saída do peirao de Plymouth. Erguínme ás présas para intentar subir a cuberta. O camarote estaba ás escuras e tiven que apalpar para intentar atopar a porta. Algúns dos outros grumetes estaban de garda, pero o resto ficara encerrado coma min. Acordaran e berraban na busca dun burato para fuxiren. Os aprendices durmíamos na proa e diríase que a mar furara o *Serpent* nunha parte cercana. O noso cruceiro trimotor, un dos oito torpedeiros cos que a Mariña Británica renovara a súa flota nesta fin do século XIX, abalábase con furia. Difícilmente daríamos coa súa saída entre sacudida e sacudida. Os berros non me deixaban concentrarme. Ao cabo, Richard, que era o maior de nós porque tiña 16 anos, gritou: ¡Por aquí! Todos avanzamos tras el polos corredores ata dar coa trampela que daba acceso a cuberta. A choiva picábanos na cara e o vento insistía en arrincarnos do buque e levarnos canda el.

Nese intre arrepentinme de terme enrolado. Os meus pais morreran, eu carecía doutra familia de quitada unha tía seca que residía en Manchester coa que non me apetecía convivir e pensei que, embarcándome, comería todos os días a visitaría portos do mundo todo.

—¡Estamos naufragando! —confirmounos o tamén grumete Mathew cando chegamos onda el. Aferrárase a un dos mastros—. ¡As luces! ¡Enganáronos as luces! ¡O comandante guiouse por

elas! —indicounos no medio da escuridade e o balón sinalando a masa informe de farallóns que agardaba a que o mar lle enviase unha onda que nos esmagase contra eles.

—¿Que luces? —preguntamos Richard e mais eu sen escoitarnos o un ao outro.

A cara rixida do noso compañeiro de aprendizaxe levounos a virarnos de costas os demais. Unha onda negra, ancha e poderosa como unha balea, viña cara nós e nos había barrer contra os baixíos da costa. A nosa luz, xa esmorecida, estaba a piques de apagarse.

Soou o móbil. Era mamá. Amosouse moi enfadada porque o ceo se tinxira xa de Coca Cola e estaba chovendo.

—¿Pode saberse onde estás?

Achábame nun cemiterio, estomballado sobre un sartego, mais non lle podía confesar tal á miña nai.

—Busquei abeiro nunha

covela cando empezou a treboada. Vou de contado, mamá.

—Queres que vaia buscarte papá? —a mamá soaba preocupada.

—Excusa de facelo. Estou ben perto da casa e sei o camiño de volta.



—Estás seguro? —interesouse a miña nai cunha voz insegura.

—Que si, mamá.

A bronca foi peor ca un temporal na Costa da Morte, mais ao día seguinte ergrínme e achegueime á corte para procurar a bicicleta. Mamá imitaba unha galerna: furiosa, intensa, pero logo lle pasaba o enfado e eu facía o que me petaba.

Na corte atopei a Nicolás. Estaba limpando unha peza de coiro que tiña atado un garabullo queimado na parte superior.

—Iso para que serve?

Nicolás sorriu.

—Cousas dos antergos. Estouna axeiando para colocala sobre a cheminea da casa. Os visitantes quedan encantados con estas cousas antigas.

—Semella antiga, si. Mais para que se usaba?

O vellote volveu sorrirme.

—É dos tempos da fame. Aquí, na Costa da Morte, houbolle moita miseria.

Sentín daquela un lóstrego mental que me devolveu as luces que miramos dende o a cuberta do *Serpent* durante o naufraxio. Confundiran os nosos comandantes. O golpe contra o baixíos foi brutal, pero eu dei gatuñado a unha rocha onde fiquei esgotado.

Horas máis tarde do abrente acordei nunha cama. Un home con fazulas brillantes e sotana indicoume que estaba na rectoral. As nosas autoridades regaláronlle unha escopeta de caza en agradecemento por auxiliar aos tres superviventes dos 172 tripulantes que íamos no buque escola.

Tras recuperarme, decidín que nunca volvería embarcarme e que non tiña un fogar ao que regresar en Gran Bretaña. Dei en ficar na vilela da Costa da Morte. Co tempo e coa necesidade, eu tamén ataba nos cornos dos bois unha mosqueira como aquela que manexaba Nicolás. Ceibábase as bestas polas noites polas zonas altas dos acantilados. Nós deitabámonos á espera de que caese algunha presa de entre os navíos que pasaban por diante das nosas afiadas costas. Ao cura non lle gustaba que nos gañásemos así a vida, mais era coisciente de que el podía comer abondo decotio e non nos reprochaba os nosos crimes. Sorría con indulxencia.

GUSTAVO ROIDÁN.